


Á Mesa do Parlamento



Os grupos parlamentarios Popular de Galicia, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, a través dos seus respectivos portavoces, ao abeiro do disposto nos artigos 50, 51 e 128 en relación co 126.2 do Regulamento do Parlamento,

SOLICITAN:

Primeiro. A creación dunha comisión de composición proporcional coa denominación de "Comisión de estudo da reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia".

Segundo. A creación no seo da Comisión de estudo da reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia, dunha ponencia conxunta paritaria que elabore a proposición de lei de modificación do dito Estatuto, composta por tres membros titulares e un suplente por cada grupo parlamentario.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2006.

José Manuel Barreiro Fernández  
Portavoz do G.P.Popular  
de Galicia

Ismael Rego González  
Portavoz do G.P.dos Socialistas  
de Galicia

Carlos Aymerich Cano  
Portavoz do G.P.do BNG